



Teaching Guide

Identifying Data				2018/19
Subject (*)	Lingua Galega 2	Code	613G02014	
Study programme	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Second	Obligatory	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	López Viñas, Xoán	E-mail	xoan.lopezv@udc.es	
Lecturers	Freixeiro Mato, Xose Ramon López Viñas, Xoán Samartin López-Iglesias, Roberto	E-mail	ramon.freixeiro@udc.es xoan.lopezv@udc.es roberto.samartin@udc.es	
Web				
General description	Normative study of Galician language			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results



Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega	A9		
Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica	A15		
Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega	A23		
Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega	A25		
Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega	A19		
Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego.	A21		C1
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse		B9	C6
Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade		B8 B10	
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual	A2		
Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Norma e calidade lingüística: caracterización do modelo culto da lingua no século XXI	1.1. A norma, a variación lingüística e a calidade lingüística 1.2. Aspectos ortográficos, ortolóxicos e fónicos 1.3. Aspectos morfosintácticos 1.4. Aspectos léxico-semánticos 1.5. Aspectos pragmáticos
2. A variación lingüística: usos e norma	2.1. Variación dependente do/a usuario/a: idade e xénero 2.2. Variación dependente do uso: estilo, contexto e rexistro 2.3. Lingua oral e lingua escrita. A lingua literaria como modelo
3. A planificación do status da lingua galega	3.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 3.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual 3.3. Ámbitos e usos lingüísticos
4. A planificación do corpus da lingua galega	4.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos
5. As modalidades do galego	5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués 5.2. Galego, portugués, brasileiro. Análise contrastiva 5.3. A variación linguística na Galiza e na Lusofonía/Galeguía

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Mixed objective/subjective test	A2 A4 A9 A21	0	6	6



Supervised projects	A10 A11 A15 A21 B3 B6 B7 B8	2	20	22
Guest lecture / keynote speech	A19 A23 A25 B5 C6	21	10	31
Oral presentation	A4 A9 A21 B4 C1	2	6	8
Critical bibliographical	A2 A9 A10 A11 A14 A21 B1 B5 B6 B9 C1 C6	1	4	5
Seminar	A2 A4 A9 A10 A11 A21 B5 B6 B10	6	12	18
Workbook	A2 A10 A11 A14 B1 B3 B5 B7 C6	1	12	13
Workshop	A2 A4 A9 A10 A11 A21 A23 A25 B5 B6 B10	4	16	20
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Case study	A2 A10 A11 A15 A23 B1 B3 B5 B7 B8 B10	6	16	22
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test	Instrumento de avaliación dos contidos focados nas "Sesi3ns maxistras".
Supervised projects	Actividade integrada no desenvolvemento dos "Seminarios" destinada a fomentar a aprendizaxe aut3noma e colaborativa entre o alumnado.
Guest lecture / keynote speech	Presentaci3n, desenvolvemento e an3lise de contidos te3ricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia. A avaliaci3n ser3 feita a trav3s dunha "Proba mixta" en que se avaliar3 a competencia e o desempe3o atinxidos en relaci3n a aqueles contidos te3ricos expostos polo profesorado durante esas sesi3ns na sala de aulas. Esta proba estar3 focada para a realizaci3n de actividades te3rico-pr3cticas e para an3lises espec3ficas de textos escritos ou de calquera outro material utilizado ao longo das sesi3ns presenciais.
Oral presentation	O "Traballo tutelado" ser3 acompa3ado e presentado oralmente nos "Seminarios" necesarios para o efecto. A calidade da lingua utilizada, os recursos e as estratexias expositivas empregados, as3 como a clarezas e disposici3n dos contidos vehiculados, constit3en os principais elementos a ter en conta polo alumnado neste tipo de actividades.
Critical bibliographical	Esta metodolox3a deriva da "Lectura" contemplada na estrutura dos "Seminarios" realizados ao longo do cuadrimestre. Igual que o resto de materiais, ser3 dispo3nibilizada unha listaxe de lecturas para o conxunto da aula a trav3s da plataforma Moodle.



Seminar	<p>Ao longo dos "Seminarios" (grupos reducidos) será realizado o acompañamento dos labores propios da materia. Serán atendidas especificamente as seguintes cuestións:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Un TRABALLO TUTELADO, elaborado empregando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", do cal deriva tamén a correspondente "Presentación oral". 2. Unha LECTURA, seleccionada dunha listaxe fornecida polo profesorado, e a súa correspondente RECENSIÓN BIBLIOGRÁFICA individual, que terá que ser realizada de acordo cos modelos e cos parámetros proporcionados polo/a docente e que despois deberá ser dispoñibilizada para o conxunto do grupo a través de Moodle. 3. Cada alumno/a terá que presentar oralmente ao conxunto da turma os procesos e os resultados do "Traballo tutelado" realizado. Durante esa presentación oral, o alumnado deberá empregar os recursos tecnolóxicos precisos para o efecto e demostrar a asunción e a aplicación práctica dos contidos, das destrezas e das competencias abordados durante o curso.
Workbook	Tarefa integrada nos traballos propios dos "Seminarios".
Workshop	<p>Durante as sesións aquí identificadas como "Obradoiros" (grupos medios), o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas "Sesións maxistras", así como das destrezas e das estratexias relacionadas coa expresión oral e escrita que fan parte dos obxectivos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e, sobre todo, estudos de caso.</p>
Events academic / information	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Case study	Esta metodoloxía intégrase no desenvolvemento tanto dos "Seminarios" como dos "Obradoiros".

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente -que non unicamente- para o apoio na realización do "Traballo tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Así mesmo, para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Case study	A2 A10 A11 A15 A23 B1 B3 B5 B7 B8 B10	Será avaliada a participación e o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	15
Critical bibliographical	A2 A9 A10 A11 A14 A21 B1 B5 B6 B9 C1 C6	Será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a xerarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo.	10
Oral presentation	A4 A9 A21 B4 C1	Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipa e a utilidade da presentación para os propósitos da materia.	10



Supervised projects	A10 A11 A15 A21 B3 B6 B7 B8	Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, a participación ao longo dos traballos realizados nos "Seminarios" destinados para o efecto, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo tutelado".	20
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas que se entregarán ao profesorado.	5
Mixed objective/subjective test	A2 A4 A9 A21	Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados nas sesións maxistrais.	40

Assessment comments

1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis. No caso de non superala, a cualificación final será a nota do exame ponderada.

1.2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará en Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación.

1.3. Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

1.4. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas e/ou a través de Moodle. O/a docente proporcionará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

1.5. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

2. AVALIACIÓN DA 2.ª OPORTUNIDADE (xullo)

2.1. Na 2.ª oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

2.2. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á 2.ª oportunidade (xullo). Para superaren a materia nesta oportunidade, os/as alumnos deberán aprobar (con 5 puntos sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data fixada pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas ou non presentadas na oportunidade anterior.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

3.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente cos docentes e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (5 puntos), unha "Presentación oral" (2 puntos) e uns "Traballos tutelados" (3 puntos) que lle foren encomendados.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Será considerado Non Presentado aquel alumnado que non se presentar á "Proba mixta" e que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

5.1. O estudantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

6. ALUMNADO DE SEGUNDA MATRÍCULA

6.1. O alumnado de segunda matrícula que non poida asistir ás aulas deberá contactar co profesorado da materia e terá que realizar e entregar nos prazos concertados previamente polos docentes as mesmas probas e actividades que o restante. Así mesmo, haberá unha reunión no inicio do curso con este alumnado para pautar o desenvolvemento do curso.

Sources of information



Basic	<ul style="list-style-type: none">- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega- Cassany, D. (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama- Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laidvento- González Rei, Begoña (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudos de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia- Monteagudo Romero, H. (2017). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia- RAG / ILG (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG- Regueira, X. L. (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: RAG- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Noguerol Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posível. Santiago de Compostela. Laidvento- Sánchez Rei, X. M. / Marques, A. (2016). As ciéncias da linguagem no espaço galego-português: diversidade e convergência. A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina
--------------	--



Complementary	<p>- Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel</p> <p>- Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</p> <p>- Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource</p> <p>- Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês&gt;Galego). Ourense: Associação Galega da Língua</p> <p>- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática</p> <p>- Moreira, I. (2007). Correspondência Comercial. Lisboa: Edições Técnicas e Profissionais</p> <p>- Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel</p> <p>- Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros</p> <p>- Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento</p> <p>- Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya</p> <p>- Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac</p> <p>- Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta</p> <p>- Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed</p> <p>- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins</p> <p>Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas. Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes(Paris: Nathan).Bordons, G. /J. M. Castellà / E. Costa (1998): TXTLalingüística textual aplicada al comentari de textos(Barcelona: Universitat de Barcelona).Calsamiglia Blancafort, H. / A.Tusón Valls (1999): Lascosas del decir: manual de análisis del discurso(= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel).FernándezRei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivassobre a oralidade(Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).Flesch, R. /A. H. Lass (1996):The Classic Guide to Better Writing(New York: Harper Resource).Freixeiro Mato, X. R. (2006)[2003]: Gramática dalingua galega IV. Gramática do texto(Vigo: A Nosa Terra).FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismoslingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras(= Bibliotheca Philologica) (Madrid:Arco/Libros).FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): Laargumentación lingüística y sus medios de expresión(Madrid: Arco Libros).Garrido, C. (2001): AspectosTeóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica(Inglês>Galego)(Ourense: Associação Galega da Língua).Kerbrat-Orecchioni,C. (2006): Análiseda conversação. Princípios e métodos.Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola).Koch, I G. V.(1992): Ainter-ação pela linguagem(São Paulo: Contexto).Koch, I. G. V.(1997): Otexto e a construção dos sentidos(São Paulo: Contexto).Koch, I. G. V.(2004): Introduçãoà lingüística textual(São Paulo: Martins Fonte).Koch, I. G.V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade:Diálogos Possíveis(São Paulo: Cortez).Marcuschi, L.A. (1983): Lingüístico texto: o que é e como se faz(Recife: Universidade Federeal de Pernambuco).Marcuschi, L.A. (2000): Dafala para a escrita(São Paulo: Cortez).Marcuschi, L.A. (2001) [1986]: Análiseda conversação(São Paulo: Ática).Moreira, I. (2007):CorrespondênciaComercial (Lisboa:Edições Técnicas e Profissionais).Plantin, Ch. (1998): Laargumentación(Barcelona: Ariel).Reyes, G. (1998): Cómoescribir bien en español. Manual de redacción(Madrid: Arco Libros).Sánchez Rei, X. M. (2006): Alingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros(Santiago de Compostela: Liovento). Santiago Guervós, J. de (2005):Principios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros).Serrano Serrano, J. (2002): Guíapráctica de redacción (Madrid: Anaya).Studer, Jürg (2000) [1996]: Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac).Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta).Weston, Anthony (2004). Lasclaves de la argumentación(Barcelona: Ariel, 9ª ed.).Zinsser, W.(2005): OnWriting Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction(New York: Collins).</p>
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Galician Language 1/613G01002

Subjects that are recommended to be taken simultaneously



Subjects that continue the syllabus
Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.